

Á ÚLTIMA

A PREGUNTA: ¿CONSEGUIRÁ O CALVO XIRIA REGRESAR A PRIMEIRA NACIONAL?

VOLVEN ESTAR TODOS

Á boa nova de xogar a fase de ascenso a Primeira Nacional, únese o feito de que Marcos Rodríguez poderá contar con todos os seus xogadores. Logo de catro meses apartado das canchas, por mor dunha rotura de fibras nun xemeigo, Dubra volvía entrar na convocatoria do último partido de liga en Cangas. O extremo repetía fronte ao Cisne en Copa, partido no que,



SO ANTE O PERIGO

Dubra non dubidou en tirarse á piscina para celebrar a vitoria en Cangas. Lástima que ningún dos seus compañeiros secundara a iniciativa. Outra vez será, "Dubrito Piscinas"...

ademáis, xogaba toda a segunda parte. O carballés poderá centrarse de novo no xogo, logo do seu periplo como comentarista (algo que non se lle dá nada mal). E nós ben que nos alegamos de volver velo nas pistas. Agora o problema será para o adestrador do Xiria, que deberá deixar a un xogador fóra de cada convocatoria nos tres partidos da fase de Oviedo.

Calvo

XIRIA BM



ABRIL

ANO 2008

DESTINO OVIEDO

Contido

Actualidade 2

O Calvo Xiria gañou en Cangas e xogará polo ascenso

Actualidade 3

Sebastián e Iago foron pezas clave no último partido de liga

Reportaxe 4

Coñecemos aos catro equipos que se xogarán o ascenso a Primeira Nacional a principios de maio en Oviedo

Actualidade 6

O Calvo Xiria logrou doce vitorias consecutivas en liga

Entrevista 7

Marcos Rodríguez fala da fase de ascenso de Oviedo

Á ÚLTIMA 8

O CALVO XIRIA GAÑOU EN CANGAS E DISPUTARÁ A FASE DE ASCENSO A PRIMEIRA NACIONAL EN OVIEDO OS DÍAS 2, 3 E 4 DE MAIO

OS CAMPIÓNS DE ASTURIAS, CANTABRIA E ESTREMADURA SERÁN OS RIVAIS DO CONXUNTO CARBALLÉS NA FASE DECISIVA DO CAMPIONATO



caixanova



O CALVO XIRIA XOGARÁ POLO ASCENSO

Xogábase o todo polo todo o Calvo Xiria en Cangas. A vitoria resultaba imprescindible para manter a segunda praza da clasificación e poder disputar a fase de ascenso a Primeira Nacional. O panorama non pintaba nada ben desde os primeiros minutos. A presión e os nervos volvían bloquear a un Calvo Xiria que cometía os mesmos erros que fronte a Novás e Oleiros. O Cangas era quen de impor o seu ritmo e os de Marcos Rodríguez non atinaban a atopar o seu sitio na cancha. O conxunto local conseguía adquirir unha renda de cinco goles no inicio da segunda metade, poñendo contra as cordas a



Os xogadores celebraron en Cangas a 2ª praza

un Calvo Xiria que, unha vez máis, soubo reaccionar. A aparición en pista de Iago e Sebastian aportou seguridade atrás e solucións no ataque a aí comezou o Calvo Xiria a reacción. Unha vez neutralizada a vantaxe local, os xogadores templaron os

nervos e souberon sacar adiante un choque que se puxera moi difícil. Agora espera Oviedo e unha fase de ascenso que promete fortes emocións para un Calvo Xiria que, sen presión, ten que dar a auténtica medida das súas posibilidades. ¡Sorte!



MARCOS RODRÍGUEZ FALA DA FASE DE ASCENSO DE OVIEDO

“PODEN DECIDIR OS PEQUENOS DETALLES”

Logo de conseguir un ascenso a Primeira Nacional como xogador do Calvo Xiria, Marcos Rodríguez afronta unha nova fase de ascenso adestrador. Unha experiencia que tentará trasladar aos seus xogadores para sorprenden a uns rivais que, teóricamente, parten con máis favoritismo que os carballeses.

- ¿Cómo afronta o Calvo Xiria esta fase?

- Con optimismo e despois de facer unha gran segunda volta de campionato. O apretado dos últimos tres partidos de liga, que gañamos nos instantes finais, será unha boa experiencia para afrontar unha fase que supoño que estará moi igualada.

- ¿Cómo están os xogadores ante esta

cita?

- O equipo está adestrando con moita intensidade, nada que ver con cómo afrontamos o partido de Copa. Hai moitas ganas e iso se nota nos adestramentos.

- ¿O Universidade de Oviedo é o favorito?

- Está claro que van contar co apoio da súa xente e o feito de xogar de local pode xogar ao seu favor. Pero nunha competición tan curta o desenlace final pode definirse por outros detalles.

- O anfitrión será o último rival do Calvo Xiria... ¿Favorece esta situación ao teu equipo?

- Penso que si. Xogaremos os dous primeiros partidos sen ningún tipo de presión desde as gradas e iso nos pode axudar a estar máis centra-



dos no xogo. A ver se podemos chegar a ese último choque con opcións e sorprendelos.

- O Calvo Xiria é o único segundo de grupo...

- Non ten nada que ver. Depende da fortaleza da túa liga e, ademais, nunha fase tan curta todo pode pasar. Pequenos detalles como unha sanción ou unha lesión poden trastocar os plans de calquera equipo.

O CALVO XIRIA SUMOU DOCE TRIUNFOS CONSECUTIVOS EN LIGA

BROCHE DE OURO A UNHA RACHA INCRIBLE

Unha espectacular racha de doce partidos consecutivos gañando levou ao Calvo Xiria á segunda posición da tabla na Primeira Autonómica. Desde a derrota coa SAR na 15ª xornada de liga, o equipo de Marcos Rodríguez sumou 24 puntos que os levaron a superar ao Seis do Nadal cando parecía case imposible. O conxunto olvíco dipuña de sete puntos de vantaxe sobre os carballese, que necesitaban catro tropezos do seu rival para intentar o asalto á segunda praza. E chegou a miragre. O Seis do Nadal perdía con SAR, Cangas

e Cisne e, no duelo fratricida entre ambos, o Calvo Xiria pasaba por riba dos olvícos para acceder á segunda posición. O conxunto de Marcos Rodríguez soubo manter a racha vitoriosa e saldou con tres novos triunfos o remate da liga, para conseguir o subcampeonato. Precisamente, a derrota contra

o Seis do Nadal na primeira volta do campionato foi o punto de inflexión para un Calvo Xiria que, a partir de entón, foi quen de gañar catorce dos últimos quince partidos que disputou en liga. 28 puntos de 30 que fan soñar con facer algo bo na fase de ascenso a Primeira Nacional.



A REACCIÓN CHEGOU DO BANQUILLO


Sebastián e Iago resultaron pezas clave na consecución da segunda praza do Calvo Xiria en liga, cando peor pintaban as cousas no último partido disputado en Cangas. Os locais xogaban cunha renda de cinco goles a favor ao principio da segunda parte, período no que saían a esca o lateral arxentino e o porteiro carballés. Sebastián asumiu a responsabilidade do ataque e, cunha serie de dez goles de once lanzamentos, provocaba a reacción do Calvo Xiria e a recuperación da confianza de todo o equipo. O arxentino, ademais, contribuíu na mellora defensiva dos verdibranco e conseguiu sacar varias exclusións que favoreceron a vitoria



Sebastián e Iago, aplaudindo á grada

final dos carballese. Iago, coas súas intervencións, deu máis moral ao equipo en defensa e volveu confirmar que a portería do Xiria está ben cuberta. Un paradón a lazamento do local Alberto, a falta de pouco máis de dous minutos para o final, resultou decisivo na sorte do en-

contro, xa que así evitou o empate do Cangas. Sebastián e Iago acudiron ao rescate do Calvo Xiria cando máis o necesitaba o equipo, dándolle a posibilidade de disputar a fase de ascenso. Un exemplo máis de que no Calvo Xiria ningún xogador é imprescindible.



CATRO EQUIPOS:



CALVO XIRIA O único equipo que chega como segundo. Pode ser o tapado do grupo. O equipo de Marcos Rodríguez debuta o venres, ás 18:00 h., fronte ao Delasalle-Grupo Pinta. O sábado medirase ao F. Pinilla-Bm. Cáceres 2016, ás 15:45 h. O último rival será o anfitrión, Universidad de Oviedo, o domingo ás 12:30 h.



UNIVERSIDAD DE OVIEDO A súa condición de local outórgalle o papel de favorito. Só cedeu tres puntos no campionato de liga. O conxunto ovetense xa disputou unha fase de ascenso a Primeira Nacional no ano 2003. Será o último rival do Calvo Xiria na fase e debutará contra o campión de Extremadura.

UN MESMO OBXECTIVO



CD DELASALLE-GRUPO PINTA O campión cántabro chega a Oviedo con só unha derrota nos 24 partidos que xogou en liga, un dato que fala do seu potencial. Debutará contra o Calvo Xiria na fase, antes de medirse ao anfitrión do torneo o sábado. Gusto pola base e canteira de grandes xogadores.



BM CÁCERES 2016 FUNDACIÓN PINILLA CRESPO Clube de recente creación, fundado no ano 2005. Quedou campión dunha liga de 14 equipos, un feito que lle pode pasar factura na fase. Terá un difícil debut fronte ao anfitrión e medirase ao Calvo Xiria na segunda xornada.